

ΚΒ

διαδικλον ανωγμαν του παιστον
μαλλον ωσποσεισμη διδρα
χρωμ επρωψα παρκαδωμικη
επειμωστρωμ ταντηκειμη
δημοκχορειμων εις ηκ σταε
δοταδετερμας η ενβδβηταιι
συνεκλεκτη κημοκροικη
δοταδεθεδωδηνητρη
μωτειςδωττης

Πετρος επιστολη δ

ΕΡΗΝΗΤΩΡΑΙ
ΚΗΤΩΑΝΔΙΝΑΔΚΩΝΗ

ΚΓ

Πετρος επιστολη β
σινωμπετρος δουλοσκηδαιστο
νος ιην χρυ τοισι κοτωκωμικη
λαχορηνττειστιν εν α κεοσυκπον
θυνημωνκδωπηροσ ιην χρυ
χρειςυμικη ειρηνητπηκενθεειη
ερετσειγμωσ τη του θυ ιην του καρπιον
σινωμπετρος δουλοσκηδαιστο
σινωμπετρος δουλοσκηδαιστο
κωενσεβιδηδεδωρημεσικε δ
κηθετσειγμωσ τη του καρπιον
σινωμπετρος δουλοσκηδαιστο
δωμηδτεμειδκημετελετω ειρη
γερωμωτ ημπαδεδωρημειδη δ
τουτων γερικωθεθειδσ κοινημοι
φρσεω αποφυγοντ εστημεστω
κρομα επειθωμηδνε φθορδωκω
δυτοτοιο δεσποδηνμπεροσ

Introducción ao Novo Testamento

Introdución ao Novo Testamento

I.- Cuestións introdutorias

- 1.Contexto histórico
- 2.O texto
- 3.O canon
- 4.Arqueoloxía

II.- Sinópticos

- 1.Orixe e natureza
- 2.Marcos
- 3.Mateo
- 4.Lucas e Feitos

III.- Cartas Apostólicas

- 1.Vida de Paulo
- 2.Cartas paulinas
- 3.Cartas Católicas

IV.- Corpus Xoánico

- 1.Evanxeo segundo Xoán
2. Cartas de Xoán
3. Apocalipse

Orixe



Orixe e natureza

Sentouse enfronte da sala do tesouro, e ollaba como a xente ía botando cartos no peto. Moitos ricos botaban con fartura; e nisto achegouse unha viúva pobriña e botou dúas leptas, é dicir un cuadrante. (Mc 12,41-42)



Orixe e natureza

• Problemática dos sinópticos:

1. Non sabemos o **xénero literario** que utilizan: Crónicas históricas? Proclamacións misioneirias? Antoloxías de textos sobre Xesús?
2. Non sabemos nada dos **autores**, nin dos **destinatarios**, nin do **contexto vital** no que nacen
3. Recollen tradicións preexistentes, formadas por **perícopas**. Algunhas delas agrupadas en bloques (controversias, parábolas, milagres)
4. Cal é a relación entre **tres escritos** con tantas **semellanzas** e ao mesmo tempo **diferenzas**? Incluso en perícopas importantes.

Matthew 13:1-58	Mark 4:1-20, 6:1-6	Luke 8:4-10, 10:23-24, 13:28, 4:16-24
<i>Jesus Teaches in [redacted]</i>	[redacted] <i>of the Sea</i> and Soils	[redacted] <i>of the Sea</i>
1 That day Jesus went out of the house and was sitting by the sea.	1 He began to teach again by the sea.	
2 And [redacted] gathered to Him, so He got into a boat and sat down, and the whole crowd was standing on the beach.	And such a very [redacted] gathered to Him that He got into a boat in the sea and sat down; and the whole crowd was by the sea on the land.	4 When a [redacted] was coming together, and those from the various cities were journeying to Him,
3 And [redacted] many things to them in [redacted], saying,	2 And [redacted] was teaching them many things in [redacted], and was saying to them in His teaching.	[redacted] by way of a [redacted]
"Behold, [redacted]	3 "Listen to this! Behold, [redacted]	5 "[redacted] his seed;
4 [redacted] sowed [redacted] seeds [redacted] came and [redacted] them [redacted]	4 [redacted] was sowing, [redacted] seed [redacted] came and [redacted] it [redacted]	[redacted] and it was trampled under foot [redacted] of the air [redacted] it [redacted]
5 "Others [redacted] the [redacted] places, where they did not have much soil;	5 "Other seed [redacted] the [redacted] ground where it did not have much soil;	6 "Other seed [redacted] [redacted] soil,
and immediately they sprang up, because they had no	and immediately it sprang up because it had no depth of soil.	and as soon as it grew up,

Orixe e natureza

- Incluso en perícopas importantes:**

Vós, rezade así:

Noso **Pai** que estás no ceo,
santificado sexa o teu nome;

veña o teu Reino,

fágase a túa vontade
na terra coma no ceo.

Dáanos hoxe **o noso pan de cada día.**

E perdóanos as nosas débedas
como **tamén nós perdoamos**

aos nosos debedores.

E non nos sometamos á tentación,
mais líbranos do Malo

Cando recedes, dicide:


Pai, sexa santificado o teu nome;
veña o teu Reino.

Dáanos cada día o noso pan cotián.

E perdoa os nosos pecados,
pois **tamén perdoamos nós**

a todo o que nos debe;

e non nos sometamos á tentación.



Orixe e natureza

- **Incluso en perícopas importantes:**

E estando comendo eles, collendo Xesús pan e bendicíndoo, partiuno e dándollo aos discípulos, dixo: “Tomade, comedede; este é o meu corpo”. E collendo unha copa e dando grazas deulla, dicindo: “Bebede dela todos, porque este é o meu sangue da alianza a que por moitos é derramada para o perdón dos pecados”.


E estando comendo eles, collendo pan, bendicíndoo, partiuno e deullo a eles e dixo: “Tomade, este é o meu corpo”. E collendo unha copa, dando grazas, deulla a eles, e beberon dela todos. E díxolles: “Este é o meu sangue da alianza, a que é derramada a favor de moitos

E collendo pan, dando grazas, partiuno e deullo a eles, dicindo: “Este é o meu corpo o que por vós está sendo dado. Facede isto na miña memoria”. E a copa igualmente, despois de cear, dicindo: “Esta copa é a nova alianza no meu sangue, a que por vós é derramada.”



Orixe e natureza

- **Evanxeos:**
 - Composicións anónimas xurdidas na segunda metade do s. I
 - Os títulos non son orixinais, aparecen cando se editan xuntos a partir da primeira metade do s. II
 - Nas versións máis antigas aparece: εὐαγγέλιον κατὰ + nome en acusativo (evanxeo segundo + nome)
 - Evítase o xenitivo, que é reservado para Xesús (εὐαγγέλιον Ἰησοῦ Χριστοῦ)



Orixe e natureza

- **Orixe do termo: “evanxeo”**
 - Ev = bo; αγγελω = anuncio
 - Refírese ao anuncio oral da salvación que Deus ofrece aos homes a través de Xesucristo. Xustino é o primeiro en aplicar o termo a algo escrito (+ 165)
 - O substantivo evanxeo non aparece na Biblia dos LXX
 - Aparece o verbo εὐαγγελίζομαι en forma participial, sobre todo, nas profecías do Deutero-Isaías
 - Isaías é o libro profético máis citado no NT porque Xesús relaciona o seu ministerio coas profecías de Is
 - O substantivo εὐαγγέλιον aparece en textos referidos ao culto do emperador romano (vitorias militares, ascensión ao trono, a chegada a unha cidade...)
 - É famosa unha inscrición datada no 9 a.C. referida ao nacemento de Augusto:
O natalicio do deus [é dicir, Augusto] representa para o mundo o inicio da boa nova (εὐαγγέλιον) que encontran nel a súa razón de ser (Inscrición de Priene, 9 a.C.)

Orixe e natureza

- **Consecuencias de chamarlle Evanxeos:**

1. É noticia, é dicir, novidade, que non se deduce que non vén do home senón de Deus. Algo insólito para a humanidade
2. É boa, é dicir, é positiva para o home, xa que fala dun Deus que trae felicidade e alegría. Beneficiosa para a humanidade
3. Descontinuidade: A única boa nova é Xesucristo. Ningunha ideoloxía pode traer unha novidade e unha bondade como esta
4. Continuidade: Todo isto entra dentro dos plans de Deus tal como aparecía recollido no AT



Orixe e natureza

A Santa Nai Igrexa firme e constantemente creu e cre que os catro referidos Evanxeos, cuxa historicidade afirma sen vacilar, comunican fielmente o que **Xesús** Fillo de Deus, vivindo entre os homes, **fixo e ensinou** realmente para a salvación deles, ata o día que foi levantado ao ceo. **Os Apóstolos**, certamente, despois da ascensión do Señor, predicaron aos seus oíntes o que El dixerá e fixera, con aquela **crecida intelixencia** da que eles gozaban, amestrados polos **acontecementos gloriosos de Cristo e pola luz do Espírito** de verdade. **Os autores sagrados** escribiron os catro Evanxeos **seleccionando** algunhas cousas das moitas que xa se transmitían de palabra ou por escrito, **sintetizando** outras, ou **adaptándoas** atendendo á condición das Igrexas, **conservando sempre o estilo da proclamación** de maneira que sempre nos comunicaban a verdade sincera sobre Xesús. Escribiron, pois, sacándoo xa da súa memoria ou lembranzas, xa do testemuño dos que "desde o principio foron testemuñas oculares e ministros da palabra" para que coñezamos "a verdade" das palabras que nos ensinan (cf. Lc 1,2-4). DV 19

Orixe e natureza

A Igrexa reconece tres etapas na formación dos evanxeos sinópticos:

1. A orixe da tradición: Xesús e os seus discípulos antes da Pascua.
2. A comunidade pospascual: A tradición *reinterpretada* á luz da experiencia pascual.
3. A redacción dos evanxeos sinópticos.




Orixe e natureza

1. Xesús e os seus discípulos antes da Pascua:

a) A comunidade prepascual ao redor de Xesús

- ✓ O primeiro que fai Xesús é rodearse dun grupo de discípulos. Simpatizantes locais
- ✓ Movemento carismático baseado na forza da personalidade e da fama de Xesús
- ✓ Ao redor dos mestres e profetas xuntábanse os discípulos e formábanse tradicións (libros proféticos, sapiencias, misná,...)
- ✓ Era un grupo desinstalado e pobre pero non de baixo nivel cultural (publicanos e pescadores de Cafarnaum en contacto co helenismo da Decápole e cos grandes centros de Magdala e Tiberías)



Orixe e natureza

1. Xesús e os seus discípulos antes da Pascua:

b) Cultura da memoria e da tradición

- ✓ Cultivo da memoria do seu pasado característica xudía
- ✓ Tres centros de cultivo da tradición e da memoria:
 - A familia
 - A sinagoga
 - A escola

Re-cordar



Orixe e natureza

1. Xesús e os seus discípulos antes da Pascua:

b) Cultura da memoria e da tradición

- ✓ Xesús e os seus discípulos vivían neste contexto de cultivo da memoria
- ✓ Recorren ao paralelismo e ao ritmo binario (versos de dous acentos):
 - E dícialles: O sábado para o home fíxose, e non o home para o sábado (Mc 2,27)
 - Curade enfermos, resucitade mortos, limpade leprosos, expulsade demos, recibistes gratis, dade gratis (Mt 10,8)
 - Famento e destes de comer a min; sedento e destes de beber a min; forasteiro era e acollestes a min; espido e vestistes a min; enfermo e visitastes a min; na cadea estaba e viñestes diante de min (Mt 25,35-36)
 - Amade aos inimigos vosos, o ben facede aos que odian a vós, bendicide aos que maldicen a vós, orade polos que maltratan a vós (Lc 6,27-28)
 - Anunciade a Xoán o que vistes e oístes: os cegos ven, os coxos andan, os xordos oen, os mortos son resucitados, os pobres son evanxelizados (Lc 7,22)

Orixe e natureza

1. Xesús e os seus discípulos antes da Pascua:

c) Situacións que explican a necesidade de conservar e transmitir as palabras de Xesús: *Sitz im Leben*

- ✓ O envío prepascual dos discípulos requiría o cultivo dunha tradición de palabras de Xesús
- ✓ A vida interna do grupo esixe unha serie de normas e comportamentos específicos
- ✓ A linguaxe teolóxica de Xesús está chea de imaxes, metáforas, simbolismos, expresións enigmáticas
- ✓ Lémbrese con máis facilidade a linguaxe simbólica que a abstracta
- ✓ A experiencia persoal de proximidade con Deus fai que utilice unha linguaxe poética
- ✓ A realidade fala de Deus e Deus ilumina a realidade da que fala
- ✓ O místico convértese en poeta cando ten que falar da súa experiencia íntima con Deus (profetas)
- ✓ O impacto social dunha persoa tende a xerar tradición

Orixe e natureza

1. Xesús e os seus discípulos antes da Pascua:

c) Situacións que explican a necesidade de conservar e transmitir as palabras de Xesús: *Sitz im Leben*


- Non hai unha tradición de feitos de Xesús antes da Pascua, pero é imposible transmitir certos ditos sen facer referencias á súa vida:
 - ❖ “Xesús sentiunos, e contestoulles: Non son os sans, senón os enfermos, os que precisan médico. Eu non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores” Mc 2,17
 - ❖ “O sábado fíxose para o servizo do home, e non o home para o servizo do sábado”. Mc 2,27
- Hai accións simbólicas de Xesús, como as comidas con pecadores, que foron narradas, por encerrar contidos centrais do anuncio do Reino
- Hai narracións que xurdiron de tradicións locais debido aos simpatizantes locais: Betania, Cafarnaún, Iericó, Xerusalén...
- Antes da Pascua máis precisión coas palabras que coa tradición narrativa

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

a) Fidelidade e actualización da tradición

- Hai unha relación de continuidade/descontinuidade coa comunidade prepascual
- Interésalle a transmisión fiel da tradición e a vinculación co Xesús do pasado que ao ser o Señor Resucitado necesita oír as súas palabras no presente.
- Actualiza a tradición recibida
- A fidelidade ao pasado é inseparable da liberdade para facelo relevante no presente.



Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

a) Fidelidade e actualización da tradición: Perigos

- A presenza do Resucitado (Pascua) e do seu Espírito (Pentecoste) garanten a fidelidade e a actualización da tradición: diferente da tradición rabínica (ebionitas)
- A vinculación co Xesús do pasado (cruz) e discípulos: perigo de gnose (espirituais de Corinto).




Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

a) Fidelidade e actualización da tradición: Adaptacións

- Adaptación lingüística: Pasar do arameo ao grego.
- Adaptación social: Pasar do mundo rural palestino a unha civilización urbana.
- Adaptación cultural: Pasar dos costumes semíticos palestinos á forma de vivir nos grandes centros helenísticos.
- Adaptación eclesial: Cada comunidade adecúa a tradición evanxélica aos seus propios problemas e circunstancias.



Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

a) **Fidelidade e actualización da tradición: Adaptacións**

“Asegúrovos que quen repudia a súa muller e casa con outra, comete adulterio”. Mt 19,9

“O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio”. Mc 10,11-12

A ver: que vos parece? Se un home ten cen ovellas e perde unha, ¿non deixará as outras noventa e nove no monte, para ir buscar a descarreirada? E se a atopa, asegúrovos que se alegrará máis con ela do que coas noventa e nove que non se perderon. Do mesmo xeito, a vontade do voso Pai celestial é que non se perda ningún destes pequenos. Mt,18,12-13

Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ela no lombo; e, chamando por amigos e veciños, dilles: "Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera". Pois asegúrovos unha cousa: no ceo haberá máis alegría por un pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan conversión. Lc 15,4-7

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

a) Fidelidade e actualización da tradición: As testemuñas

- A comunidade pospascual está organizada ao redor de persoas lexitimadas como testemuñas:

Cómpre que dos homes que nos acompañaron todo o tempo que o Señor Xesús estivo connosco, comezando desde o bautismo de Xoán ata o día en que foi levado de entre nós, un deles sexa connosco testemuña da súa resurrección (Feit 1,21-22)

Posto que moitos emprenderon a tarefa de narrar axeitadamente os feitos ocorridos entre nós, tal como nolos transmitiron desde o principio as testemuñas oculares e mailos predicadores da palabra (Lc 1,1-2)

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

a) Fidelidade e actualización da tradición: As testemuñas

- Os misioneiros que predicán fóra de Palestina coidan de manterse en comunión con estas testemuñas cualificadas.

De alí a tres anos subín a Xerusalén para visitar co fin de aprender de Pedro e cabo del fiquei uns quince días. (Gal 1,18)

- A fórmula “recibir-entregar” utilizada por Paulo coincide coa fórmula rabínica *quibbel min-masar le*

Porque eu recibín do Señor, o que tamén vos entreguei, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan. (1Cor 11,23)

Porque entregueivos, entre as primeiras cousas, o que eu mesmo recibín: que Cristo morreu polos nosos pecados conforme ás Escrituras. (1Cor 15,3)

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

b) O recurso á Escritura

- Os evanxeos empapados en xudaísmo. O AT ilumina o NT.

Entrou Xesús no templo, e botou fóra os tendeiros e compradores do templo, derrubando as mesas dos cambistas e os postos dos vendedores de pombas. E díxolles: Está escrito: A miña casa será casa de oración; pero vós convertédela en cova de bandidos. **No templo rodeárono cegos e coxos, e curounos** (Mt 21,12-14)

O rei marchou cos seus homes sobre Xerusalén contra os habitantes daquela país, os iebuseos. Eles tíñanlle dito a David: "Non poderás entrar aquí; rexeitarante os cegos e os coxos". Con iso querían dicir: "David non poderá entrar aquí". Pero David conquistou a fortaleza de Sión, que se converteu na cidade de David. Aquel día David dixera: (...) **A eses coxos e a eses cegos aborréceos David**". **De aí saíu aquel dito: nin cego nin coxo entre no templo** (2 Sm 5,6-8)

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

b) O recurso á Escritura: O nacemento do midrás cristián

Axiña o Espírito encamiñouno cara o deserto. E estaba no deserto corenta días, sendo tentado por Satanás; estaba entre as feras, e servíano os anxos (Mc 1,12-13)

Foi entón cando o Espírito conduciu a Xesús ao deserto, para que o diabo o tentase. Despois de xaxuar corenta días e corenta noites, acabou por ter fame. O tentador, achegándose a el, díxolle: Se es Fillo de Deus, manda que estas pedras se convertan en pan. Pero el respondeu: Está escrito: Non soamente de pan vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus. Levouno logo o diabo á cidade santa, e púxoo na atalaia do templo, dicíndolle: Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí embaixo, que está escrito: Mandarás os seus anxos para que te coiden e te leven nas súas mans; e os teus pés non se mancarán nas pedras. Xesús respondeu: Tamén está escrito: Non tentarás o Señor, o teu Deus. Pero aínda o levou o diabo a un monte moi alto e, mostrándolle os reinos todos do mundo enteiro, cheos de esplendor, díxolle: Heiche dar todo isto se te prostras e me adoras. Entón replicoulle Xesús: Arreda, Satanás, porque está escrito: Só ao Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El darás culto. Deixouno o diabo, e achegáronse os anxos para o serviren. (Mt 4,1-11)

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

b) O recurso á Escritura: O nacemento do midrás cristián

Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo: O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova (Mc 1,14-15)

Coa forza do Espírito Santo, Xesús volveu a Galilea, e a súa sona estendeuse por toda a redonda. Ensinaba nas sinagogas, e todo o mundo dicía moito ben del. Chegou a Nazaret, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para facer a lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía: O Espírito do Señor está sobre min porque El foi quen me unxiu para anunciarlles a Boa Nova aos pobres. Mandoume para lles anunciar a liberación aos secuestrados e a vista aos cegos, para lles dar liberdade aos asoballados, e proclamar o ano de graza do Señor. Pechando o libro, devolveullo ao encargado, e sentou. Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir: Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura. (Lc 4,14-21)

Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia Pascual

c) Cultivo de tradicións narrativas de Xesús

- A ausencia física de Xesús propicia maior valorización das tradicións narrativas.
- Inseparables ditos e feitos de Xesús.
- Primeira e máis importante narración: **A Paixón**
 - Ten unha trama
 - Ben delimitada
 - Unidade de personaxes e acción
 - Conexión causal dos acontecementos
 - Capta a atención do lector
 - Vai servir para darlle unidade ao resto do relato evanxélico (Mc 3,6)



Orixe e natureza

2. A comunidade pospascual: A tradición reinterpretada á luz da experiencia pascual

d) **Diversas actividades da comunidade POSPASCUAL:**

- A catequese: (Feit 2,42) Moitos textos adáptanse para ser utilizados na catequese primitiva (Sermón do monte).
- A predicación misioneira: Usáronse pequenos resumos da ensinanza de Xesús con marcado acento cristolóxico (discursos de Feit)
- Controversias: Tentan xustificar o comportamento da comunidade diante do xudaísmo (o xaxún, o sábado).
- O culto: Transmítense tradicións evanxélicas centradas na “fracción do pan”.
- O estudo bíblico: Interpretación derásica das palabras de Xesús. Iluminación recíproca.
- A memoria Iesu: Moitas palabras e feitos transmitíronse simplemente por fidelidade á memoria de Xesús (a paixón).



Orixe e natureza

3. A redacción dos evanxeos sinópticos:

— Por que se redactan os evanxeos sinópticos ao redor do ano 70?

1. A morte das testemuñas oculares dos feitos narrados. A terceira xeración recupera a memoria social do grupo
2. A conquista de Xerusalén e a destrución do Templo. Xudeus-Lei, cristiáns-Xesucristo
3. A difusión a través da diáspora xudía provocou unha maior influencia da cultura helenista. Xénero literario biografía



Orixe e natureza

3. A redacción dos evanxeos sinópticos:

- Seleccionan datos da tradición oral e escrita: “Hai aínda moitas máis cousas que fixo Xesús, que, de escribilas unha por unha, coido que o propio mundo non podería conter os libros que se habían escribir” (Xn 21,25).
- Realizan sínteses: O sermón do Monte (Mt 5-7)
- Adaptan a tradición recibida ás situacións das diversas Igrexas: Parábola da ovella perdida.
- Conservan o estilo da proclamación.



Constitución Dogmática
Sobre la Divina Revelación

DEI
VERBUM



CONCILIO
VATICANO II

Natureza



Orixe e natureza

1. Son textos narrativos: (expoñen a vida de Xesús e a súa ensinanza)

- O máis característico da fe bíblica exprésase a través da narratividade. Deus é narrable non obxectivo (Credo: Dt 26,5-9)
- Narración e historia están relacionados (*story-History*). A narración pode respectar a historicidade e a Historia sempre ten doses de subxectivismo
- Tentan transmitir acontecementos e experiencias a través dunha historia.
- Narratividade = Marcos (20% palabras de Xesús). Mt e Lc máis preto das biografías convencionais. Ahistórico= Ev. Tomás:

Estas son as palabras secretas que pronunciou Xesús o Vivente e que Dídimos Xudas Tomás consignou por escrito. E dixo: Quen atope o sentido destas palabras non probará a morte... (Comezo do Evanxeo copto de Tomás)

Orixe e natureza

2. Son narracións teolóxicas:

- Non son pura ficción nin tampouco crónicas históricas
- Narración teolóxicas porque descubren na vida de Xesús a actuación de Deus e o cumprimento do AT, partindo da fe no Resucitado
- O Señor resucitado fala á súa comunidade a través da vida e das palabras do Xesús do pasado, morto na cruz e o Xesús do pasado morto na cruz é a única vía de acceso ao Resucitado
- Tres preocupacións:
 1. Evocación da historia pasada (Xesús, o crucificado)
 2. Actualización (Señor resucitado, glorioso)
 3. Recurso á Escritura (o Prometido, o Fillo enviado por Deus)

Orixe e natureza

3. Non son crónicas históricas pero están baseados na historia:

- Non son informes históricos, nin crónicas do pasado, nin estritamente falando biografías
- Pero están baseados en datos reais e pretenden transmitir con fidelidade palabras, feitos e acontecementos da vida de Xesús
- Buscan reelaborar e actualizar pero sen disolver a referencia á historia pasada aínda que a situación posterior ao ano 70 cambiou o panorama político, social e relixioso de Palestina
- Hai numerosas afirmacións sobre Xesús que cristolóxicamente son ambiguas, que reflexan unha situación prepascual e non foron modificadas:
- Non se pode escribir unha biografía exhaustiva sobre Xesús pero temos máis datos históricos sobre a súa vida que de calquera outro personaxe xudeu do século I

Orixe e natureza

9. Tres niveis de lectura:

a) Nivel redaccional:

- O texto
- Evanxelistas

b) Nivel tradicional:

- Tradición oral e escrita
- Relectura pospascual
- Experiencia de fe
- Comunidade apostólica


c) Referencia histórica:

- Fan referencia a personaxes reais que deixaron unha pegada histórica
- Xesús de Nazaret e os seus discípulos



Aspectos introductivos e literarios

1. Antigo
2. Breve
3. Fonte
4. “Cincenta”
5. Narrativo
6. Cristológico
7. Paradoxo



Aspectos introductivos e literarios

- **Contido:**

- Narra as obras e predicación de Xesús de Nazaret
- Introducción e catro partes:
 - Galilea
 - Camiño a Xerusalén
 - Xerusalén
 - Paixón-Morte-Resurrección
- Ao redor de 11.242 palabras
- 95 perícopas unidas por conxuncións ou sumarios-anuncio
- 661vv.: 53 vv.=Mc; 330 vv.=Mt e Lc; 278=Mt ou Lc



Aspectos introductorios e literarios

• Estilo literario:

– Narrador maravilloso:

- Busca facer presente a acción diante do lector para que poida visualizala:
 - O uso frecuente do presente histórico, do estilo directo e a profusión de participios dan viveza e realismo ao relato

Pasando de novo nunha barca para a banda de enfronte, xuntouse moita xente arredor del, que estaba na beira do mar. E **achégase** un dos xefes da sinagoga, chamado Xairo, que, ao velo, **bótase** aos seus pés e **suplícalle**: “A miña filla está a piques de morrer; ven impor sobre ela as túas mans, para que sande, e viva”. E foise con el, seguido de moito xentío, que o estrullaba. Había unha muller, **padecendo** hemorraxias desde doce anos atrás, e **levaba sufrido** moito cos médicos, **gastando** todo o que tiña; total para nada, porque a cada paso ía a peor. Como oíra falar do que facía Xesús, achegouse entre a xente por detrás e tocoulle o seu vestido, dicindo para si: “Se consigo tocarlle o seu vestido, ficarei sa”. E secádoselle a fonte da hemorraxia, sentiu no seu corpo que estaba curada do mal. Axiña Xesús, decatándose da forza que saíra del, volveuse e preguntou: “Quen me tocou na roupa?” Os discípulos respondéronlle: “Ti ben ves a xente preméndote; e aínda preguntas por quen te tocou?” Pero el seguía mirando arredor, para ver quen fora. Daquela, a muller, **temendo e tremendo, sabendo** o que lle sucedera, veu caer ante el contándolle toda a verdade. El díxolle: “Filla, a túa fe sandoute, vaite en paz, curada para sempre da túa doenza”. (Mc 5,21-34)

Mentres Xesús lles dicía estas cousas, velaí apareceu un xefe que, prostrándose ante el, rogáballe: “A miña filla acaba de morrer. Ven, impón a túa man sobre ela e vivirá”. Erguéndose Xesús, seguiuno cos seus discípulos. Nisto unha muller que padecía hemorraxias desde había doce anos, achegándose por detrás, tocoulle a orla do seu manto, falando para si: “Se lle dou tocado a roupa, xa curo”. Xesús virouse e ao vela díxolle: “Animo, filla, a túa fe sandoute! E desde aquel instante a muller quedou sandada” (Mt 9,18-22)

Aspectos introductivos e literarios

- **Estilo literario:**

En chegando á outra banda do mar, ao país dos gadarenos, saíronlle ao seu encontro dous endemoñados desde uns sepulcros que se achegaban, tan asañados que ninguén se atrevía a pasar por aquel camiño. E berraron dicindo: «Que temos que ver contigo, Fillo de Deus? Viñeches aquí antes de tempo para atormentarnos?»

Chegaron á outra banda do mar, ao país dos xerasenos. E conforme saltou da barca, enseguida saíulle de entre os sepulcros un home cun espírito malo, que a súa morada tiña entre os sepulcros, pois nin con cadeas ninguén o podía apreixar. Moitas veces xa con cadeas e grillóns estivera atado; pero rompía as cadeas e esnaquizaba os grillóns, e ninguén era capaz de domalo. E continuamente, noite e día, andaba berrando polos sepulcros e polos montes, mancándose coas pedras. E ao ver a Xesús de lonxe, correu e prostrouse diante del, gritando con toda forza: «¿Que teño que ver contigo, Xesús, Fillo de Deus Altísimo? Pídoche por Deus que non me atormentes». Pois mandáralle: «Sae, espírito malo dese home»

Arribaron ao país dos xerasenos, que está en fronte de Galilea. O desembarcaren, saíulle ao encontro certo home da vila, que tiña demos, e desde había tempo vivía sen roupa e sen casa xa que moraba nos sepulcros. Ao ver a Xesús, berrando prostrouse diante del con toda forza: «Que teño que ver contigo, Xesús, Fillo do Deus Altísimo? Pídoche que non me atormentes». Porque lle estaba mandando ao espírito malo saír daquel home, xa que en moitas ocasións se apoderara del e tíñano que atar con cadeas e grillóns para contelo; pero tronzaba os ferrollos, e o demo turraba por el cara aos campos ermos.

Aspectos introductivos e literarios

- **Estilo literario:**

En chegando á outra banda do mar, ao país dos gadarenos, saíronlle ao seu encontro dous endemoñados desde uns sepulcros que se achegaban, tan asañados que ninguén se atrevía a pasar por aquel camiño. E berraron dicindo: «Que temos que ver contigo, Fillo de Deus? Viñeches aquí antes de tempo para atormentarnos?»

Chegaron á outra banda do mar, ao país dos xerasenos. E conforme saltou da barca, enseguida saíulle de entre os sepulcros un home cun espírito malo, que a súa morada tiña entre os sepulcros, pois nin con cadeas ninguén o podía apreixar. Moitas veces xa con cadeas e grillóns estivera atado; pero rompía as cadeas e esnaquizaba os grillóns, e ninguén era capaz de domalo. E continuamente, noite e día, andaba berrando polos sepulcros e polos montes, mancándose coas pedras. E ao ver a Xesús de lonxe, correu e prostrouse diante del, gritando con toda forza: «¿Que teño que ver contigo, Xesús, Fillo de Deus Altísimo? Pídoche por Deus que non me atormentes». Pois mandáralle: «Sae, espírito malo dese home»

Arribaron ao país dos xerasenos, que está en fronte de Galilea. O desembarcaren, saíulle ao encontro certo home da vila, que tiña demos, e desde había tempo vivía sen roupa e sen casa xa que moraba nos sepulcros. Ao ver a Xesús, berrando prostrouse diante del con toda forza: «Que teño que ver contigo, Xesús, Fillo do Deus Altísimo? Pídoche que non me atormentes». Porque lle estaba mandando ao espírito malo saír daquel home, xa que en moitas ocasións se apoderara del e tíñano que atar con cadeas e grillóns para contelo; pero tronzaba os ferrollos, e o demo turraba por el cara aos campos ermos.

Aspectos introductivos e literarios

- **A estrutura aparece condensada no título da obra:**

- Αρχη του ευαγγελιου Ιησου χριστου υιου θεου
- Comezo do evanxeo de Xesús, Mesías, fillo de Deus
- Evanxeo = Xesús = Mesías = Fillo de Deus

- χριστου = Mesías: Título xudeu


“Respondendo Pedro dille: Ti es o Mesías” (Mc 8,29)

- υιου θεου = Fillo de Deus: Título xentil

Ao ver o centurión, que estaba diante del, como expirara dixo: Verdadeiramente este home era fillo de Deus (Mc 15,39)

Aspectos introductivos e literarios

- **División do evanxeo:**
 - Prólogo (Mc 1,1-13): Αρχη
 - Primeira parte (Mc 1,14-8,30): Mesías-Reino de Deus-Galilea
 - Segunda parte (Mc 8,31-16,8): Fillo de Deus-Paixón e Morte-Xerusalén
 - Apéndice (16,9-20)



Aspectos introductivos e literarios

- **Primeira parte (Mc 1,14-8,30): Xesús Mesías anuncia o Reino de Deus**
 - Primeira sección (Mc 1,14- 3,6):
Rexeitamento dos adversarios
 - Segunda sección (Mc 3,7-6,6a):
Rexeitamento do pobo
 - Terceira sección (Mc 6,6b-8,30):
Rexeitamento dos discípulos



Aspectos introductivos e literarios


- **Primeira parte (Mc 1,14-8,30): Xesús Mesías anuncia o Reino de Deus**
 - Terceira sección (Mc 3,6b-8,30): Rexeitamento dos discípulos
 - Segunda multiplicación dos pans e travesía polo lago (Mc 8,1-21): A incompreensión dos discípulos é total

E, deixándoos, embarcando de novo foise para a outra banda. E esqueceróñse de coller pans, e non tiñan máis ca un pan con eles na barca. E recomendoulles: Ollade e mirade sobre o fermento dos fariseos e do fermento de Herodes. Pero discutían uns cos outros que non tiñan pan. Coñecéndoo dilles: Por que discutides de que non tedes pan? **Aínda non entendedes, nin comprendedes? Endurecido tedes o voso corazón? Tendes ollos, e non vedes; oídos e non oídes?** Non lembrades, cando repartín cinco pans entre cinco mil persoas, cantas cestas cheas de anacos recollestes? Din: Doce. E cando repartín sete bolos entre catro mil, cantas cestas cheas de anacos recollestes? Din: Sete. E dicíalles: Aínda non entendedes? (Mc 8,13-21)

- Os discípulos non entenden, teñen endurecido o corazón e sitúanse fora, como aqueles que non entendían as parábolas
- Xesús cura a un xordomudo antes e a uncego despois

Aspectos introductivos e literarios

- **Primeira parte (Mc 1,14-8,30): Xesús Mesías anuncia o Reino de Deus**
 - Ante a persoa de Xesús:
 - Os adversarios quéroño eliminar
 - A familia e veciños toman distancia
 - Os discípulos teñen o corazón endurecido e non o comprenden
 - Pero, quen é Xesús?



Aspectos introductivos e literarios


- **Primeira parte (Mc 1,14-8,30): Xesús Mesías anuncia o Reino de Deus**

- **Perícopa bisagra (Mc 8,27-30):**

E saíu Xesús e os seus discípulos cara ás aldeas de Cesarea de Filipo, e polo camiño preguntaba aos seus discípulos: Quen din os homes que son? Eles respondéronlle: Uns Xoán Bautista; outros, Elías; e outros, que un dos profetas. El preguntoulles: E vós, quen dicides que son? Respondendo Pedro dille: **Ti es o Mesías**. E prohibiulles que a ninguén dixesen sobre el.

- **Bisagra: punto de chegada e de saída:**

- Chegada porque é momento culminante da primeira parte
- Saída porque os lectores cuestiónanse por ese silencio



Aspectos introductivos e literarios

- **Segunda parte (Mc 8,31-16,8): O Mesías sufrinte é o Fillo de Deus**
 - Primeira sección (Mc 8,31-10,52): Os tres anuncios da Paixón
 - Segunda sección (Mc 11-13): O Templo
 - Terceira sección (Mc 14,1-16,8): O relato da Paixón



Aspectos introductivos e literarios

- **Segunda parte (Mc 8,31-16,8): O Mesías sufrinte é o Fillo de Deus**

- Terceira sección (Mc 14,1-16,8): O último acto (Mc 16,1-8)

Pasado o sábado, María a Magdalena, María a de Santiago e Salomé mercaron perfumes para iren embalsamalo. E moi cedo, o día un da semana, veñen ao sepulcro, ao saír o sol. Dicían entre elas: Quen nos arrolará a pedra da entrada do sepulcro? Pero, erguendo a vista, ollaron que xa fora arrolada a pedra; pois era moi grande. Entrando no sepulcro, viron un mozo sentado á dereita, cuberto cunha túnica branca, e quedaron espantadas. Pero el dilles: Non vos espantedes. ¿A Xesús buscades, o Nazareno crucificado? Foi resucitado, Non está aquí. Ollade o lugar onde o puxeron. Pero ide, dicide aos seus discípulos e a Pedro que vai diante de vós a Galilea; alí o veredes, como vos dixo. Saíndo, fuxiron do sepulcro, pois estaban cheas de temor e espanto; e a ninguén nada dixeron, xa que tiñan medo

- A última palabra vén de Deus: Xesús foi resucitado!
- O final é un novo comezo para os lectores: volver a Galilea
- Un final aberto pide unha resolución satisfactoria: quen anunciará a boa nova da resurrección?



Mc 1,21-38

E entran en Cafarnaum e enseguida, chegado o sábado, na sinagoga ensinaba. E abraiábanse da súa ensinanza, pois ensináballes coma quen ten autoridade, non coma os escribas. E enseguida había na súa sinagoga un home cun espírito inmundo, e berrou dicindo: «Que nós e ti, Xesús nazareno? Viñeches a destruírnos? Sei quen es ti: o Santo de Deus». E reprendeuno Xesús dicindo: «Cala, e sae del». E despois de sacudilo, o espírito inmundo, e de berrar cun berro grande, saíu del. E ficaron pasmados todos, tanto que discutían eles, dicindo: «Que é isto? Unha ensinanza nova con autoridade; enriba, aos espíritos inmundos dá ordes, e obedécenlle». E saíu a súa sona enseguida por todas partes cara a enteira comarca de Galilea. E enseguida ao saír da sinagoga, foron á casa de Simón e de Andrés, con Santiago e Xoán. A sogra de Simón estaba na cama con febre, e enseguida dinlle sobre ela. E, achegándose, ergueuna colléndoa da man; deixouna a febre e servíaos. Ao chegar a tardiña, cando se puxo o sol, levábanlle todos os que estaban enfermos e endemoñados; e estaba a vila enteira amoreada xunto a porta. E curou a moitos enfermos que tiñan diversas doenzas e botou moitos demos, e non deixaba falar aos demos, porque o coñecían. E moi cedo, estando aínda escuro, erguéndose, saíu e foise a un lugar deserto, e alí oraba. E buscárono ansiosamente Simón e os que estaban con el, e atopárono e dinlle: «Todos te buscan». dilles: «Vaíamos a outro sitio, ás aldeas veciñas, para que tamén alí predique, porque para isto saín».

Mc 1,21-38

E **entran en Cafarnaum** e **enseguida**, **chegado o sábado**, **na sinagoga ensinaba**. E abraiábanse da súa ensinanza, pois **ensináballes** coma quen ten autoridade, non coma os escribas. E **enseguida** había **na súa sinagoga** un home cun espírito inmundo, e berrou dicindo: «Que nós e ti, Xesús nazareno? **Viñeches** a destruírnos? Sei quen **es** ti: o Santo de Deus». E **reprendeuno** Xesús dicindo: «Cala, e **sae** del». E despois de sacudilo, o espírito inmundo, e de berrar cun berro grande, **saíu** del. E ficaron pasmados todos, tanto que discutían eles, dicindo: «Que é isto? Unha ensinanza nova con autoridade; enriba, aos espíritos inmundos **dá** ordes, e obedécenlle». E **saíu** a súa sona **enseguida por todas partes cara a enteira comarca de Galilea**. E **enseguida** ao **saír** da sinagoga, **foron á casa de Simón e de Andrés**, con Santiago e Xoán. A sogra de Simón estaba na cama con febre, e **enseguida** dinlle sobre ela. E, **achegándose**, **ergueuna** colléndoa da man; deixouna a febre e servíaos. Ao chegar **a tardiña**, **cando se puxo o sol**, levábanlle todos os que estaban enfermos e endemoñados; e estaba a vila enteira amoreada **xunto a porta**. E **curou** a moitos enfermos que tiñan diversas doenzas e **botou** moitos demos, e **non deixaba falar** aos demos, porque o coñecían. E **moi cedo**, **estando aínda escuro**, erguéndose, **saíu** e **foise a un lugar deserto**, e alí **oraba**. E buscárono ansiosamente Simón e os que estaban con el, e atopárono e dinlle: «Todos te buscan». **Dilles**: «**Vaiamos** a outro sitio, **ás aldeas veciñas**, para que tamén **alí predique**, porque para isto **saín**».


Evanxexo segundo

San Mateo



Aspectos introductivos e literarios

1. Primeiro
2. Síntese
3. Discursos
4. Emmanuel
5. Xudaísmo
6. Escatoloxía
7. Igrexa



Aspectos introductivos e literarios

- **Primeiro:**
 - No canon
 - Máis lido
 - Na liturxia
 - Máis manuscritos antigos
 - Pais da Igrexa
 - Arte: Bach, Pasolini

VIDEO MERCURY FILMS S.A.

ALFREDO BINI
PRESENTA

UN FILME DE
PIER PAOLO PASOLINI



EL
EVANGELIO
SEGÚN
SAN
MATEO

UNA PRODUCCIÓN ARCO FILM, ROMA • LUX CIE CINEMATOGRAFIQUE DE GRANCE, PARÍS

Aspectos introductivos e literarios

- **Síntese:**
 - Dúas fontes: Mc + Fonte de palabras de Xesús
 - Narrativo + discursivo
 - Xesús-Fillo de Deus-cruz + Xesús-Fillo do Home-parusía
 - Legalismo xudeu + universalismo crítico coa Lei



Aspectos introductivos e literarios

- **Discursos:**

1. Sermón da Montaña
2. Discurso de misión
3. Discurso en parábolas
4. Discurso eclesial
5. Discurso escatolóxico



Aspectos introdutivos e literarios

- **Emmanuel:**


Mirade: a Virxe concibirá e dará a luz un fillo e poranlle de nome Emmanuel, que significa **“Deus connosco”** (Mt 1,23)

“Mirade que **eu convosco** estou todos os días ata a fin do mundo” (Mt 28,20)




Aspectos introductivos e literarios

- **Xudaísmo:**
 - Máis referencias explícitas ao AT:
 - 38 citas en Mateo
 - 15 en Marcos
 - 15 en Lucas
 - 14 en Xoán
 - É importante a problemática xudía:
 - Cuestións legais e de interpretación da Lei (5,17-48; 15)
 - Expresións típicas xudías:
 - Atar-desatar
 - Cidade santa
 - Gehenna
 - Reino dos Ceos



Aspectos introductivos e literarios

- **Escatoloxía:**
 - Xesús é o Fillo do Home: Xuíz universal e glorioso
 - Único que usa expresión parusía
 - Chamadas continuas a dar bos froitos
 - Moral e falsa seguridade



Aspectos introductivos e literarios

- **Igrexa:**

- Único evanxeo no que aparece a palabra *ekklesia*:

Tamén che digo que ti es Pedro; e sobre esta pedra vou edificar a miña **ekklesia**; e as portas do Inferno non prevalecerán en contra dela (Mt 16,18)

Se peca o teu irmán contra ti, vai e repréndeo, ti só con el. Se te escoita, ganaches ao teu irmán. Se non te escoita, leva contigo un ou dous, para que pola boca de dúas ou tres testemuñas quede resolto o asunto. Se non vos fai caso, dillo á **ekklesia**; e se tampouco lle fai caso á **ekklesia**, sexa para ti como un pagán ou publicano (Mt 18,15-17)



Dimensión literaria

Estas son as sete palabras que definen a obra lucana:

1. Calidade
2. Prólogos
3. Historia
4. Apóstolos
5. Salvación
6. Pobres
7. María

• **Unidade do Evanxeo e os Feitos dos Apóstolos:**

– Unidade de autor:

- Recoñecida desde a Antigüidade: Lucas autor do evanxeo e Feitos
- Corroborada pola crítica interna: mesmo vocabulario, mesmos recursos literarios, mesma teoloxía
- Obxeccións:
 - 70 casos nos que Lc e Feit empregan vocabulario diferente para designar a mesma realidade
 - Uso de partículas distintas en Lc e en Feit
 - Diferentes construcións sintácticas
- Solucións ás obxeccións:
 - Lc e Feit utilizan xéneros literarios diferentes: o evanxeo seméllase ás biografías helenísticas e os Feitos ás "*Praxeis*" ou "*res gestae*"
 - Utilizan fontes diferentes: no evanxeo Mc e Q e en Feit fontes propias
 - Lucas síntese máis libre para escribir Feit e desenvolve un mellor estilo literario e un mellor grego, pero no evanxeo respecta máis a memoria da tradición evanxélica sobre as palabras de Xesús

Dimensión literaria

- **Unidade do Evanxeo e os Feitos dos Apóstolos:**
 - **Unidade literaria:** Lc e Feit agora separadas polo canon pero...
 - Tanto o Evanxeo como os Feitos teñen un prólogo no que se fala do mesmo personaxe: un tal Teófilo
 - Ao comezar os Feitos retoma a narración no mesmo lugar onde rematara o Evanxeo (como nas series cando comeza unha nova tempada e recapitulan o sucedido ata ese momento)
 - Repítense os mesmos esquemas narrativos no Evanxeo e en Feitos: por exemplo Xesús e Paulo; Xesús e Estevo; Xesús e Pedro
 - Hai certos elementos no Evanxeo segundo Lucas que solo se explican tendo en conta a existencia dun segundo volume na súa obra literaria:
 - Non hai referencias ao anuncio do Evanxeo entre os pagáns
 - Sitúa todas as aparicións en Xerusalén, que será o punto de partida da misión en Feitos (non fala da aparición en Galilea da que falan Mc, Mt e incluso Xn)

Dimensión literaria: estrutura

- **División do evanxeo**

- Polo estilo literario utilizado podemos dividir o Evanxeo en tres partes:
 - Prólogo (1,1-4)
 - Infancia (1,5-2,52)
 - Resto (3-24)
- Utilizando como punto de referencia o lugar xeográfico polo que desenvolve Xesús o seu ministerio podemos dividir o Evanxeo en catro partes:
 - Rexión do Xordán (3,1-4,13)
 - Galilea (4,14-9,50)
 - Camiño a Xerusalén (9,51-19,46)
 - Xerusalén (19,47-24,53)

Dimensión literaria: estrutura

- **Combinando a división segundo o estilo e a división segundo a xeografía podemos dividir o evanxeo segundo Lucas en seis partes:**
 - Prólogo (1,1-4):
 - Introducción (1,5-2,52):
 - Preparación del ministerio de Xesús (3,1-4,13):
 - Actividade en Galilea (4,14-9,50)
 - Viaxe a Xerusalén (9,51-19,46)
 - Actividade en Xerusalén e paixón, morte e resurrección (19,47-24,53)

Dimensión literaria: estrutura

- **A estrutura de Feitos dos Apóstolos baséase principalmente na xeografía**
- **As etapas principais están recollidas no discurso final do Resucitado antes da Ascensión:**

Pero recibiredes a forza cando veña o Espírito Santo sobre vós e seredes as miñas testemuñas non só en Xerusalén, senón tamén en toda Xudea e Samaría e ata os confíns da terra (Feit 1,8)

- **Tendo en conta os lugares aos que vai chegando a Palabra, pódese dividir o libro nun prólogo e cinco etapas:**
 - Prólogo (1,1-11):
 - Primeira etapa (1,12-8,1a): Xerusalén
 - Segunda etapa (8,1b-11,18): Xudea e Samaría
 - Terceira etapa (11,19-15,35): oriente
 - Cuarta etapa (15,36-20,38): occidente
 - Quinta etapa (21,1-28,31): ata os confíns da terra

Teoloxía lucana

- **A obra literaria lucana é a meirande empresa teolóxica de todo o Novo Testamento**
- **É unha teoloxía narrativa que xira ao redor da metáfora do camiño**
- **Catro son os puntos a través dos cales sintetizaremos a súa teoloxía:**
 - 1. A Historia da Salvación**
 - 2. Xesús, Espírito e Igrexa**
 - 3. O universalismo da salvación**
 - 4. Acción salvífica de Deus e responsabilidade do home**

¹³E saíu de novo para a beira do mar, e toda a xente viña a el. E ensinábaos.
¹⁴E ao pasar, viu a Leví, o de Alfeo, sentado na oficina de recadación, e dille: «Sígueme». E erguéndose, seguiuno. ¹⁵E acontece que estando reclinado el á mesa na súa casa, tamén moitos recadadores e pecadores estaban reclinados á mesa con Xesús e os seus discípulos, pois eran moitos os que o seguían. ¹⁶E os escribas dos fariseos, vendo que come cos pecadores e recadadores, dicían aos seus discípulos: «Cos recadadores e pecadores está comendo?» ¹⁷E oíndo Xesús, dilles: «Non necesidade teñen os que están fortes de médico, senón os que mal se atopan. Eu non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores»

⁹E ao pasar Xesús por alí, viu a un home sentado na oficina de recadación, Mateo chamado, e dille: «Sígueme». E erguéndose, seguiuno. ¹⁰E aconteceu que el, estando reclinado á mesa na casa, he aquí que moitos recadadores e pecadores, vidos, estaban reclinados á mesa con Xesús e os seus discípulos. ¹¹E ao velos os fariseos, dicían aos seus discípulos: «Por qué con recadadores e pecadores come o voso Mestre?» ¹²Mais el oíndo, dixo: «Non necesidade teñen os que están fortes de médico, senón os que mal se atopan. ¹³Ide e aprendede que é: “Misericordia quero e non sacrificio”. Porque non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores»

²⁷E despois disto, saíu e ollou un recadador de nome Leví, sentado na oficina de recadación, e díxolle: «Sígueme». ²⁸E, deixando todo e erguéndose, seguiuno. ²⁹E fixo un banquete grande Leví para el na súa casa, e había moita xente dos recadadores e doutros que estaban con eles reclinados á mesa. ³⁰E refungaban os fariseos e os seus escribas, diante dos seus discípulos dicindo: «Por qué cos recadadores e pecadores comedes e bebedes?» ³¹E respondendo Xesús díxolles: « Non necesidade teñen os que están sans de médico, senón os que mal se atopan. ³²Non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores á conversión»

¹³E saíu de novo para a beira do mar, e toda a xente viña a el. E ensinábaos.
¹⁴E ao pasar, viu a Leví, o de Alfeo, sentado na oficina de recadación, e dille: «Sígueme». E erguéndose, seguiuno. ¹⁵E acontece que estando reclinado el á mesa na súa casa, tamén moitos recadadores e pecadores estaban reclinados á mesa con Xesús e os seus discípulos, pois eran moitos os que o seguían. ¹⁶E os escribas dos fariseos, vendo que come cos pecadores e recadadores, dicían aos seus discípulos: «Cos recadadores e pecadores está comendo?» ¹⁷E oíndo Xesús, dilles: «Non necesidade teñen os que están fortes de médico, senón os que mal se atopan. Eu non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores»

⁹E ao pasar Xesús por alí, viu a un home sentado na oficina de recadación, Mateo chamado, e dille: «Sígueme». E erguéndose, seguiuno. ¹⁰E aconteceu que el, estando reclinado á mesa na casa, he aquí que moitos recadadores e pecadores, vidos, estaban reclinados á mesa con Xesús e os seus discípulos. ¹¹E ao velos os fariseos, dicían aos seus discípulos: «Por qué con recadadores e pecadores come o voso Mestre?» ¹²Mais el oíndo, dixo: «Non necesidade teñen os que están fortes de médico, senón os que mal se atopan. ¹³Ide e aprendede que é: “Misericordia quero e non sacrificio”. Porque non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores»

²⁷E despois disto, saíu e ollou un recadador de nome Leví, sentado na oficina de recadación, e díxolle: «Sígueme». ²⁸E, deixando todo e erguéndose, seguiuno. ²⁹E fixo un banquete grande Leví para el na súa casa, e había moita xente dos recadadores e doutros que estaban con eles reclinados á mesa. ³⁰E refungaban os fariseos e os seus escribas, diante dos seus discípulos dicindo: «Por qué cos recadadores e pecadores comedes e bebedes?» ³¹E respondendo Xesús díxolles: «Non necesidade teñen os que están sans de médico, senón os que mal se atopan. ³²Non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores á conversión»